



# A nosa HISTORIA

as aventuras de mociño



**Ola!**  
Chámome Mociño, son de Camos e vóuvos contar a historia da HISTORIA

COLEXIO PÚBLICO DE ENSINO  
PRIMARIO DA CRUZ. CAMOS. NIGRÁN

**iem**  
instituto estudos miñoranos

Concellería de Educación  
CONCELLO DE NIGRÁN

Guión e proxecto: Xosé Lois Vilar  
Deseño e maquetación: Manoel Santos (Edicións do Cumio)  
Debuxos: Pepe Carreiro (Mociño) e Francisco Boluda (Prehistoria)



-300.000 anos -4.000 anos -2.500 anos Século I Século V Século IX Século XII Século XV Século XVI Século XVIII Século XX Século XXI



# Os Primeiros Homes no Val Miñor



Amencia un novo día da primavera de **hai algo máis de 200.000 anos**; estaba fresco e moi húmido, pero xa todos estaban en pé. Os homes do clan, dirixidos polo pai de Mociño, preparábanse para ir cazar: as estacas ben puntiagudas e, sobre todo, tiñan que acordar un plan para ver de acorrallar algún cervo ou corzo entre os penedos. Outros preferían tentar de sorprenden algún

búfalo na beira do río, mentres beben, porque así habería máis comida. Cunha pouca sorte poderían atoparse algún animal ferido polos osos ou as panteiras, e rematalo.

Mociño axudaba a súa nai e avoa recollendo leña e froitos silvestres, mentres soñaba co gran día no que lle permitisen ir cos cazadores.



Chan do Cereixo



-300.000 anos

-4.000 anos

-2.500 anos

-1.000 anos

Século I

Século II

Século III

Século IV

Século V

Século VI

Século VII

Século VIII

Século IX

Século X

Século XI

Século XII

Século XIII

Século XIV

Século XV

Século XVI

Século XVII

Século XVIII

Século XIX

Século XX

1939

1960

1975

Século XXI




Pezas atopadas en Chan do Cereixo

Logo da comida, Mociño foi cos homes e ao tempo que escoitaba as historias da caza, aprendíanlle a **fabricar e reparar as ferramentas** para cortar, buratar e machucar, pois de nada servía ter caza se non tiñas con que descuartizala. Seu avó tiñalle aprendido a buscar as mellores pedras para lascar de entre todas as que se atopaban no leito do río Miñor ou nos cantís do mar. A pedra para arrearlles xa a tiña elexida desde había tempo, e cada un tiña a súa. Unha vez no campamento, e zoscándolles con xeito, farían saltar lascas con gumes afiados para cortar ou tallarían grosas puntas para machucar.

Ao solpor, a nai díxolle que lle dera a cea ao seu fío, ferido nun xeonllo durante a caza. Cuns paos fixéronlle un reforzo para que non movese a perna e co emplasto de herbas e barro que lle puxo a nai calmou a dor. Por un tempo só se ocuparía de manter o lume prendido.

En Chan do Cereixo a caza abundaba, pero cando chegasen as chuvias terían que procurar acobillo nalgunha cova ou entre os penedos do Galiñeiro.

## FERRAMENTAS DO PALEOLÍTICO



### VOCABULARIO

**ARQUEOLOXÍA:** Ciencia que estudia os períodos antigos da Historia, cando o home non descubriña a escritura e non existen testemuñas escritas, polo que a arqueoloxía estudia obxectos e restos materiais deixados polo home. Nos períodos para os que existen testemuñas escritas (Época romana, Idade media ou Contemporánea) a arqueoloxía é unha ciencia auxiliar que aporta máis información.

**PALEOLÍTICO:** período da prehistoria que comprende desde a aparición dos primeiros homes ata a aparición da agricultura, aproximadamente desde hai 1.750.000 ata 7.000 anos. Nesta fase prehistórica o home era cazador nómada e colector de froitos silvestres, as súas ferramentas eran feitas de pedra.

**INDUSTRIA LÍTICA:** é o conxunto de ferramentas fabricadas en pedra polo home prehistórico: pedra tallada no paleolítico, pedra pulida no neolítico; pois ata entón, aínda o home non descubriña os metais.

**LASCA:** fragmento desprendido intencionadamente dunha rocha, e que ten unha forma característica, pero o seu valor é ter un gume afiado que o home necesitaba para cortar.

**BIFACE:** ferramenta paleolítica feita dun canto roloado ou unha lasca grande. Está tallada polas dúas caras e ten gumes laterais que converxen ou se xuntan nun extremo, mentres que o extremo oposto é arredondado.

COLEXIO PÚBLICO DE ENSINO  
PRIMARIO DA CRUZ. CAMOS. NIGRÁN



Concellería de Educación  
CONCELLO DE NIGRÁN

CRONOLOXÍA DA NOSA HISTORIA

# A



# agricultores e Gandeiros



Estrutura dunha cabana



Cabana rematada e horta a carón



Vista de conxunto con dúas cabanas en diferentes fases constructivas

A aldea atopábase nas terras medias, de suaves ondulacións, entre o mar e as montañas, onde podían plantar cereais e ter pastos para o gando. O rapaz gustaba de apacentar as ovellas e cabras e muxir as vacas. Cando chegou, a súa nai estaba a moer trigo para amasar o pan.

Logo do almorzo, o pai volvía para traballar o campo e díxolle a **Mociño** que tiña que ir buscar leña e landras á fraga. Para acurtar camiño, colleu un atallo que atravesaba o campo dos defuntos. De non ser de día el non pasaría por alí, porque era un lugar que lle daba medo.

Alí era onde a xente da súa aldea construía **as mámoas**: todos traballaban para facer a casa do defunto, con chantos de pedra e unha entrada con corredor ou non. Este espazo teitábase cunha gran lousa. Dentro colocaban aos defuntos, xunto con cuncas de comida e bebida e unhas copias de machados e frechas como as de verdade. En ocasións, cando se trataba de alguén importante, no interior da mámoa facíanse gravados ou pinturas para honrar ao defunto, que así estaría sempre acompañado. Finalmente, toda a construción era recuberta cunha coiraza de pedra e, por riba, un túmulo de terra, e así quedaba disimulada na paisaxe.



Mámoa (Castro Leboreiro-Portugal)

De volta na aldea, os xefes das familias estaban reunidos na asemblea para decidir os novos terreos onde sementar na seguinte tempada: haberá que preparar os machados para cortar as árbores e queimar as matogueiras. De paso, aproveitaremos para cazar algún veado e facer a festa.



Casota do Fuziño (Serra da Barbanza-A Coruña)



Menhir da Pedra Alta da Antela



Dolmen de Axeitos (Ribeiro-A Coruña)



Cova do Mouzo (Mous de Selas-Mulhas-Ourense)

### VOCABULARIO

**NEOLÍTICO:** período da prehistoria na que o home aprende a cultivar o trigo e a domesticar os animais -vaca, ovella, porco-, facéndose sedentario, vive en aldeas. As súas ferramentas seguen sendo de pedra pero aparecen novidades, como os machados de pedra pulida. Nesta fase constrúen as mámoas para enterrar ós defuntos. Desde 7.500 ata 4.700 anos.

**MÁMOA:** construción para os defuntos, como un panteón. Está formada por unha cámara ou habitación, que pode ter un corredor de entrada ou non. Construída con chantos ou pedras fincadas e unha grande tapa para o teito. No interior depositábase o defunto e as ofrendas: comida, bebida, armas, elementos de aderezo persoal. Logo cubríase cunha coiraza de pedras e finalmente cun túmulo de terra. Na actualidade camufladas na paisaxe só se adiviñan como lixeiras ondulacións do terreo.

**IDADE DOS METAIS:** período no que o home descubre os metais e aprende a traballalos para facer ferramentas: machados, puntas de frecha, puñais, espadas, etc. converténdose en obxectos de prestaxio e riqueza. Os primeiros metais traballados foron o cobre e estano, pronto iniciouse unha busca de metais e o comercio ou intercambio deles, tanto por mar como por terra. Na última fase incorporáse o ferro, e no noso territorio esta etapa corresponde ao período castrexo. Desde 4.700 ata a chegada dos romanos, hai 2.100 anos.

-300.000 anos



-4.000 anos

-2.500 anos

-1.000 anos

Século I

Século II

Século III

Século IV

Século V

Século VI

Século VII

Século VIII

Século IX

Século X

Século XI

Século XII

Século XIII

Século XIV

Século XV

Século XVI

Século XVII

Século XVIII

Século XIX

Século XX

1939

1960

1975

Século XXI

CRONOLOXIA DA NOSA HISTORIA

COLEXIO PÚBLICO DE ENSINO  
PRIMARIO DA CRUZ. CAMOS. NIGRÁN



Desenho e maquetación: Manuel Sainza - Dibuxos: Pega Casanova

# As Melloras Imaxes Gravadas en Pedra do Mundo



Vaso Campaniforme

À tardiña **MOCIÑO** regresaba cos amigos do soto de cortar uns pés dereitos de castiñeiro novo. Estaban facendo unha cabana para súa irmá, que ía casar. Como aínda non sabían facer ladrillos nin tellas, a nova casa

construíana chantando postes en buracos que facían no chan. Teitaban con xestas, palla centea, palla triga. As regañas que quedaban entre poste e poste tapábanas con barro para que non lles entrase frío nin chuvia, nin moita calor.

Dentro das casas, no chan, tiñan unha lareira onde cociñaban en cacharros de barro; a un lado gardaban o gran en cacharros máis grandes. Cando lles compría facer as papas do neno ou uns moletes de pan, moían o gran nunhas pedras lisas, refregando con outra pedra por riba.



Diferentes imaxes da arte rupestre en Galicia

-300.000 anos



-4.000 anos



-2.500 anos

-1.000 anos

Século I



Século II

Século III

Século IV

Século V

Século VI

Século VII

Século VIII

Século IX

Século X

Século XI

Século XII

Século XIII

Século XIV

Século XV

Século XVI

Século XVII

Século XVIII

Século XIX

Século XX

1939

1960

1975

Século XXI




Descargaron os pés dereitos de castiñeiro e as machadas de pedra e buliron Mociño e os seus amigos a contarlle a Rulo, o avó da aldea, que viran unha manda de cervos no fondo do bosque. Rulo estaba pola banda de riba do poboado gravando a última alabarda que acompañaba as espadas, puñais e escudos na laxe guerreira da paz e a amizade. Estaba a contarlle aos nenos o da xuntanza dos xefes diante da laxe na próxima lúa, cando a nai de **MOCIÑO**, que viña da leira cun feixe de verzas para a cea, chamou polo fillo para que fose muxir a vaca á corte.

Rula, a avoíña, estaba a fiar a la que tosquiaran no verán, para logo tramar co liño que gardaban en meadas para tecer no tear. ¡Que pezas de roupa máis xeitosas!, combinadas coa pulseira de ouro para o día da voda da irmá de **MOCIÑO**.

—¿Sabedes onde hai máis ouro?

—No enterramento do anterior xefe do poboado.

A **MOCIÑO** contáronlle que fora enterrado con frechas de punta de sílex do trinque, vaixela decorada, uns machadiños de pedra puída e unha diadema de ouro.



Peite de Ouro do tesouro de Caldas de Reis



PUNTA DE FRECHA



## VOCABULARIO

**MUÍÑO NAVICULAR:** O gran que recolectaban, trigo, orxo, centeo, ... tiñan que convertelo en fariña para facer pan ou papas e consumilo. Para elo fretaban unha pedra coa man sobre o gran enriba dunha pedra alargada chamada durminte. Realizaban un movemento adiante-atrás ate convertelo-lo gran en fariña.

**PETROGLIFO:** Son pedras de granito nas que a s xentes gravaron figuras de animais, cervos sobre todo, armas, círcos concéntricos, labirintos, espirais ou uns burraquiños chamados coviñas. Gravaban con outra pedra máis dura có granito.




**MACHADOS:** para fende-las árbores no bosque e así obter leña para queimar e producir calor ou cocinar. Botaban abaixo ás árbores para crear zonas claras no bosque e zonas para cultivar ou de pasto para os animais que así podían cazar. Eran de pedras especiais, duras e das que se podía obter fio cortante.



**SÍLEX:** É unha pedra especial, non moi abundante en Galicia de distintas cores e coa que se facían ferramentas de traballo ou de caza (puntas de frecha, coitelos).



**CABANA:** Os nosos devanceiros vivían en cabanas que construían con pólas e toros de árbores e arbustos, tapadas as regañas con barro para que non entrase a choiva nin o frío e non escapase a calor. Por fóra, ó redor leva unhas canles para evacúa-las augas. O teito era de madeira e palla.



**OURO:** Tanto o ouro como a prata e logo a chegada do cobre e o bronce son bens escasos, materiais difíciles de conseguir, polo tanto moi caros. quen os ten demostra riqueza e poder por iso apareceu nas tumbas da xente máis rica.

COLEXIO PÚBLICO DE ENSINO  
PRIMARIO DA CRUZ. CAMOS. NIGRÁN



Deseño e maquetación: Manuel Santos / Delibación: Pepe Carreira

# castrriño das Baleazas



Castro de Santa Trega

Levamos un ano de moito traballo, xa non cabiamos máis no **castrriño das Baleazas** e estamos a construír un novo para a miña irmá e os meus primos máis abaixo, en Camos. ¡Vaia choio!, a verdade é que lle está a quedar máis bonito co noso. Aqueles muriños de cachotes novos tomados con barro e logo, enlucidos e pintados, e a eira enlousada do trinque, e ¡o forno! e ¡a lareira! e que adornos de brazos curvos gravados na pedra por un canteiro da outra beira do Miñor. Non vos digo nada do foxo que cavamos na parte peor defendida, polo norte, ó pé das murallas que levan un terraplén polo que escorregan os cativos a rebozados. Nós no castro vello temos a aparicia, o vertedeiro do lixo; alí hai unha mistura de olas escachadas, canos de verdura, ósos, cunchas de mexilóns, ameixas, croques, espiñas de peixe, ... todo o que non vale vai para alí. Moi ben non cheira.



Debuxo dun castro (F. Belada, Guía dos Castros de Galicia, Ed. do Cumio)



Debuxo dun castro (F. Belada, Guía dos Castros de Galicia, Ed. do Cumio)

Os mozos subimos ó monte apacentar as vacas, ovellas e cabras e desde alí mirámo-lo mar, xa temos visto chegar barcos veleiros que veñen do sur. Meu pai mercou unha louza máis fina ca que fai o avó na aldea aínda que a nosa decoración róncale o peito a calquera ¿ou non señores arqueólogos? Mira que o meu avó lle carga ben nas liñas revirichadas e nos redondeliños e nas cabezas de parrulos, cárgalle nas asas e ó redor do bico e se cadra no lombo; ¡éche un artista!



1



2



3



4

Diferentes castros de Galicia

- 1- San Cibrán de Lás (Punxín-Ourense)
- 2- Castromao (Celanova-Ourense)
- 3- Castro de Baroña (Porto do Son-A Coruña)
- 4- Castro da Torre (O Courel-Lugo)
- 5- Santa Trega (A Guarda-Pontevedra)



5

Hai unhas lúas tiveron xuntanza os xefes dos castros do Val Miñor, acolá foi meu avó dacabalo como representante noso, os do castro das Balezas da tribu dos Grovios. Alá faláron de defensas, de comprar e vender, de deuses, ... Seica os do Val Miñor estámusche ben considerados por aí fóra. ¡Cando eu sexa o xefe! Figurádesvos **MOCIÑO** das Balezas dos Grovios. Vou organizar aquí un axuntamento de tódalas outras tribus do país, helenos, seirros, limicos, seurbos, gigrros, supertamaricos, brigantinos, artrabos, ...

FERRAMENTAS E ARTE NOS CASTROS



Estatua dun guerreiro



Trisquel



Muíño circular de man



Puñais de bronce

Muíño de man



Ídolo



Anaco de diadema

VOCABULARIO

**CASTRO:** A xente construía as súas casas redondas, de muros de pedra, maiormente e teito de madeira e palla. Situábanse no pericoto daqueles montes nos que podían de xeito o máis doado posible montar un sistema defensivo, medio natural medio artificial -feito polo home-. Este podía constar de foxo, parapeto, terraplén, muralla, cerca e nalgúns lugares fincaban pedras fóra das murallas para que homes e sobre todo cabalos tivesen problemas para avanzar.

**COMERCIO:** Sabemos, polo estudo dos restos, que comerciaron con outras zonas de Europa e de África. Hai cerámicas finas do norte de África, do sur de Francia, de Italia ou doutras zonas da península Ibérica.

**CUNCHEIRO:** É a escombreira do castro, a zona de bota-lo lixo, tanto as espiñas do peixe, as cunchas das ameixas, os ósos dun coello ou uns retringos dunha ola. Válenos moito para saber da súa dieta alimenticia baixa en colesterol.

**GROVIOS:** A nosa xente do mundo dos castros non sabían da escritura. O contacto co mundo romano fixo que aprenderan a ler e escribir. Os homes de Roma escribiron sobre os pobos que habitaban aquí. Por estes documentos e por lápidas e aras sabemos os nomes de moitos pobos do noso país. Ate o Val do Fragoso vivían os helenos e do Val Miñor ó Miño os Grovios.

-300.000 anos



-4.000 anos



-2.500 anos



-1.000 anos

Século I

Século II

Século III

Século IV

Século V

Século VI

Século VII

Século VIII

Século IX

Século X

Século XI

Século XII

Século XIII

Século XIV

Século XV

Século XVI

Século XVII

Século XVIII

Século XIX

Século XX

1939

1960

1975

Século XXI

CRONOLOXÍA DA NOSA HISTORIA

COLEXIO PÚBLICO DE ENSINO  
PRIMARIO DA CRUZ. CAMOS. NIGRÁN



Concellería de Educación  
CONCELLO DE NIGRÁN

Disenho e maquetación: Manuel Santón / Debuxos: Francisco Bolado e Pepe Carreiro



# A chegada do Invasor



Noutro día fun co meu tío a Panxón á vila na que traballa meu primo ao pé das dunas de Gaifar entre a Madorra e o Castro. ¡Cantas cousas novas e distintas á nosa aldea! Nas **ánforas** nas que nós recibimos viño na nosa **aldea das Baleazas** eles meten conservas do peixe da nosa ría e véndeno aos comerciantes que veñen en barcos e a carreteiros doutras aldeas do interior.

O tellado xa non é de palla coma o das nosas casas redondas; a casa onde traballa o meu primo ten moitas habitacións, unha é a cociña, outra son os baños, quente, tépedo e frío, as habitacións dos criados e dos xefes, as cortes dos animais, o taller coa fragua e os apeiros, ¡ah!, é verdade, nunha estancia o piso estaba cheo de debuxos de peixes, de muxos e argazos, feitos cunhas peciñas pequenas de cores que chaman "tesselas" que xuntan coma un crebacabezas para construír un mosaico.


E na cociña usaban uns cacharros que viñan disque do mar Mediterráneo, do sur de Hispania, e do norte de África, da Gallia e de Italia, con decoracións de animais e plantas. Ademais para moer o gran usaban un muiño redondo que vai moi lixeiro e moe máis rápido cós nosos.



Mosaico romano



Ponte romana (Oia)



Tesera de Hospitalidade (Castromao-Ourense)

Non fica aí a cousa; adoran a moitos deuses, tiñanlle un altar a un tal Xúpiter e os mortos entérranos na terra cunha lousa de pé cuns gravados e unhas letras onde di que é o finado e o moito que o querían os seus, todo isto en latín, a fala da xente de Roma.



Estatua dun Deus romano

De todo isto falamos meu tío e máis eu de volta para a aldea, e aínda me dixo que hai máis vilas como aquela en **Monteferro**, no cabo Estai, en fronte da illa de Toralla, en Alcabre e tamén en Gondomar, en Oia... Unhas vivían do mar e outras do gando e do que cultivaban no campo, e ben comunicadas por pontes e camiños enlousados que chaman estradas, vías, calzadas. Diciame ademais que xa eran cada día máis os mozos e as familias que baixaran do alto dos castros para vivir á beira destas vilas e ó longo destes camiños e traballar a terra e pescar no mar sen tanto traballo de subir e baixar do **pericoto dos montes**.



Ánfora



Capitel dunha columna romana



Casco dun lexionario



Casco de gladiador



Moedas romanas

- ▶ -300.000 anos
- ▶ -4.000 anos
- ▶ -2.500 anos
- ▶ -1.000 anos
- ▶ Século I
- ▶ Século II
- ▶ Século III
- ▶ Século IV
- ▶ Século V
- ▶ Século VI
- ▶ Século VII
- ▶ Século VIII
- ▶ Século IX
- ▶ Século X
- ▶ Século XI
- ▶ Século XII
- ▶ Século XIII
- ▶ Século XIV
- ▶ Século XV
- ▶ Século XVI
- ▶ Século XVII
- ▶ Século XVIII
- ▶ Século XIX
- ▶ Século XX
- ▶ 1939
- ▶ 1960
- ▶ 1975
- ▶ Século XXI

CRONOLOXÍA DA NOSA HISTORIA

COLEXIO PÚBLICO DE ENSINO  
PRIMARIO DA CRUZ. CAMOS. NIGRÁN



Desenho e maquetación: Manuel Santos / Deseño: Pepe Carreira

### ● VOCABULARIO

**VÍA:** Os romanos articularon unha extensa rede de comunicación terrestre por todo o imperio, camiños moitas veces empedrados que cruzaban os ríos por pontes de madeira ou pedra. Algúns deles perduran ata os nosos días. Valían para o dominio económico e militar.

**ANFORA:** Recipiente para o transporte marítimo de líquidos, cereais, peixe, etc....

**"VILLA":** Tipo de hábitat que os romanos estenderon por todo o imperio. En Galicia pode ser unha explotación agro-pastoril, marítima ou unha casa de recreo. Dependendo da riqueza dos seus moradores así sería o luxo das súas instalacións (mosaicos, baños, xardíns...)

**ARA:** Altar dedicado a un deus determinado construído nunha especie de pilar que non soe exceder o metro de altura. Leva unha inscrición, un adorno arquitectónico e un foculi na parte superior.



# Esperando ós Bárbaros

No solpor daquela tarde de xuño, a pequena **igrexia de San Xoan** atopábase ateigada de xente que, en clamoroso silencio, agardaba a que comezase a cerimonia para darlle o último adeus a Andeca, o home máis vello e apreciado da vila.

Aquel home, seica era descendente dos **suevos**, un dos **pobos bárbaros** que chegara á **Gallaecia** procedente de lugares lonxanos dos que os veciños da parroquia nunca oiran falar.



A ollada de **MOCIÑO**, un rapaz da vila, percorría de vagar os muros de sillería daquela capela; as bágoas esvararon polas súas meixelas cando a súa mirada se detivo no **arco de pedra** ó través do que se accedía ó altar maior. Mociño sorprendera moitas veces a Andeca contemplando ensimesmado aquel fermoso arco; daquela, Mociño agardaba impaciente a que o vello saise ó adro a contarlles aquelas historias que engaiolaban a cantos se aproximaban ó seu carón.

Andeca era quen de trasladalos a lugares afastados e tempos remotos, facéndoos sentirse coma un daqueles suevos que -na súa loita pola supervivencia- emprenderan unha longa viaxe para acabar instalándose aquí, na Gallaecia, onde trocaran as armas polo arado, aceptando con gusto as vantaxes dunha vida pacífica nunha terra fecunda; chegando a constituir un reino gobernado por monarcas como Hermerico, Rechila, Rechiario, Teodomiro, Miro, Eurico, Andeca (rei suevo do que o vello levaba o nome)...

**MOCIÑO** compartía a tristeza do vello cando lles relataba a conquista do reino suevo polos visigodos; encantáballes escoitar o apasionado relato da derrota do exército galego na batalla do río Órbigo; tremía de emoción cando contaba como Leovixildo invadira Galicia, destronara a Andeca e incorporara definitivamente ó reino suevo á monarquía hispano-visigoda.

O cántico que comezara na igrexa sacou a Mociño das súas ensoñacións; un cántico que falaba de xente mariñeira -coma eles- que partía "na súa última viaxe" a bordo dun pequeno barco de pesca. Mociño tivo a certeza de que, ó timón da nave evocada pola cantiga, estaba Andeca...



## VOCABULARIO

**IDADE MEDIA:** Período histórico que ocupa aproximadamente o espazo cronolóxico que vai dende a expulsión dos romanos da península polas diversas tribos xermánicas -século V- ata o século XV. Neste longo período o noso país foi ocupado, primeiro, polos **suevos**, máis tarde mesturados cos **visigodos** e outras tribos. Os **árabes** estiveran pouco ou nada e logo comezou a reconquista de territorio polos exércitos cristiáns.

**GALLAECIA:** Provincia do Imperio romano situada no noroeste peninsular que excedía os límites da Galicia actual.

**POBOS BÁRBAROS:** Pobos xermánicos -cun estilo de vida pastoril e un estado de civilización menos avanzado que o romano- que vivían fora das fronteiras do Imperio. No ano 406 unha xigantesca vaga destes pobos (suevos, alanos, vándalos, ostrogodos e visigodos) conseguirán cruzar o Rin acelerando a crise sufrida polo Imperio romano.

**SUEVOS:** Pobo xermánico que chegará á península no ano 409, instalándose na Gallaecia onde -a pesar da súa limitación demográfica- conseguirá erguer o primeiro estado europeo medieval.

**VISIGODOS:** Pobo xermánico que penetrara no imperio romano no ano 376, establecéndose primeiro na Galia e logo en Hispania (onde -como federado do imperio- deberán conter a expansión dos suevos e restablecer a autoridade imperial na península).

**IGREXA DE SAN XOAN:** Restos de edificio situado nun antigo enclave romano de posible orixe hispano-visigoda (segunda metade do século VII). Posiblemente de planta basilical. Dotado de excelente sillería e no que destaca o arco absidal de ferradura.

**ARCO VISIGÓTICO:** Variedade de arco de ferradura caracterizado porque se prolonga respecto da semicircunferencia, dispón radialmente as súas dovelas en toda a rosca do arco e deixan de ser paralelas -no tercio inferior do arco- a liña do trasdós e do intradós.



COLEXIO PÚBLICO DE ENSINO  
PRIMARIO DA CRUZ. CAMOS. NIGRÁN



Concellería de Educación  
CONCELLO DE NIGRÁN

Desenho e maquetación: Manuel Santos / Deseño: Francisco Robiño e Pepi Carreira

-300.000 anos



-4.000 anos



-2.500 anos



-1.000 anos

Século I



Século II

Século III

Século IV

Século V

Século VI

Século VII

Século VIII

Século IX

Século X

Século XI

Século XII

Século XIII

Século XIV

Século XV

Século XVI

Século XVII

Século XVIII

Século XIX

Século XX

1939

1960

1975

Século XXI

CRONOLOXÍA DA NOSA HISTORIA



# A Alta Idade Media



Cando temos de falar da Idade Media aparece na cabeza de **MOCIÑO** a idea do avó loitando dacabalo ou da frefosa avoa-dama con longos cabelos e vestida de branco. A historia sempre acontece nun castelo e non deben faltar espadas e escudos ou mesmo duras armaduras. Pero o que de seguro non sabedes é que estamos a falar dos **séculos XI, XII e XIII**.

Naquela época existían uns reis que rexían a vida dos homes. Na nosa terra tiñamos rei xa que **Galiza era un reino independente**. Os monarcas eran todos cristiáns e estaban moi entretidos en afastar o imperio musulmán da Península. A esta guerra que durou moitos anos denominóuselle a Reconquista e fixo que se fosen expandindo os reinos cara ó sur.

Mentres os avós cabaleiros estaban a pelexar, o resto da poboación comezaba a formar vilas. As vilas foron un dos grandes avances do momento ó seren os espazos onde se comerciaban e trocaban os produtos. Unha que tendes moi preto e que foi das máis importantes en Galiza é **Baiona**, chamada antigamente Balcaxia ou Erizana, na cal se construíu un porto usado como refuxio para mariñeiros até os nosos días. Mais se falamos de vilas, o nome obrigado en Galiza é **Santiago de Compostela**; ela foi –e é– un importante foco de atracción de persoas de todas as partes de Europa. Estas xentes ían visitar o apóstolo Santiago que, como xa sabedes, está enterrado por alí, nunha fermosa catedral que representa a arte románica do país. **MOCIÑO** fixo a peregrinación dende Baiona a pé e levoulle catro días. Vestido cun saio feito de tea de saco vello e descalzo correu todos cantos vieiros hai des Baiona a Compostela. Nesta viaxe atopou de todo, mariñeiros, aldeáns ou mesmo menetreis e segreis que facían do camiño algo moi entretido coa súa música. Un bo día atopou unha soldadeira moi festexeira chamada **María Balteira**, a cal bailaba polas vilas e engalanaba toda canta festa visitaba.



Porta románica da igrexa de Santa Baia, Donas (Gondomar)

En resumo, como podedes ver, a maioría dos galegos nesta altura traballaban no campo ou no mar, os relixiosos eran os guías espirituais e as bibliotecas do momento e, finalmente, os monarcas e poderosos rexían as terras e facían as diferentes guerras. Todos falaban nunha lingua que se foi creando co paso dos séculos a partir do latín: o **galego**.

A poboación falaba nesta lingua e só se deixaba o latín para escribir documentos oficiais e de corte relixioso. Isto é, a cultura era entendida e expresada en galego: **os poetas trobaban en galego, os reis falaban en galego, os cregos falaban en galego e os nenos tamén utilizaban esta lingua, como é o caso de MOCIÑO**.



A igrexa era outro dos piares da sociedade, xa que, entre outras cousas, nos mosteiros era onde se creaba a cultura e onde se rexían algúns dos foros máis importantes. No Val Miñor existía un mosteiro na aldea de San Cosme, no máis profundo da serra da Groba. Mais o centro relixioso logo pasou a ser o **mosteiro de Oia**, no cal se redactaban moitos documentos que contan a nosa historia. A maioría dos galegos e galegas vivían no campo e relacionábanse cos grandes donos da terra. Neste contexto é onde nacen os **Foros**, que eran contratos de aluguer das terras pero co inconveniente de ser un contrato para a vida. Os campesiños traballaban as leiras dun señor (conde, duque, rei, bispo, etc.) e pasáballe un tanto do que recollía, amais de pagar por usalas. A vida rexíase por estes contratos e a agricultura era a base de existencia. **MOCIÑO** ben coñecía estes tratos xa que llo contaban os traballadores do campo que ía atopando no seu camiño.

### ● VOCABULARIO

**REINO DE GALICIA:** A súa orixe está no ano 411 cando o emperador romano Honorio lles cede ós suevos a provincia da Gallaecia. Braga foi a capital do futuro reino de Galicia suevo. Dende o comezo da reconquista a intención dos monarcas astur-leoneses foi a da ocupación-asimilación do reino de Galicia. Para isto utilizaron todo tipo de medidas, entre elas a de ofertarlles interesantes privilexios ós nobres galegos, mais isto non foi suficiente para absorber aínda o reino galaico. A morte de Fernando I, o seu reino dividíuse entre os seus fillos: Galicia tócalle a Don García quen gobernou desde 1065-1070 un territorio que chegaba ata o Mondego. Despois da morte accidentada –foi brutalmente asasinado polo seu irmán, rei astur-leonés, para absorbe-lo territorio galego– de Don García, Galicia converteuse nunha provincia do reino leonés gobernada por sucesivos condes que dispoñían de amplos poderes. A provincia –en confronto co condado portugalense que se converteu en Portugal– mantívose como tal ata o século XIX, aínda que cun poder diferente segundo a época.

**FORO:** Tipo de contrato agrario que apareceu no agro galego por volta dos séculos XII e XIII e que caracterizou o **sistema de vasalaxe e feudal** da Idade Media. A través del unha persoa ou institución cedelle a outra o uso ou proveito dunha cousa ou ben a cambio do cumprimento de diversas condicións previamente estipuladas. Na Idade Media este contrato establecíase entre o campesiño e os que se apropiaran da terra despois da reconquista: os monarcas, os nobres e as ordes relixiosas militares –por exemplo, os relevantes Cluny. Este sistema de propiedade foi abolido, pasando as terras ás mans dos seus traballadores, na ditadura do xeneral Primo de Ribera, isto é, aínda no século XX.

**ESTILO ROMÁNICO:** Este estilo floreceu en Europa occidental desde finais do século X ata principios do XIII. Caracterízase na arquitectura por arcos de medio punto, bóvedas de canón e molduras robustas. No noso país copa unha parte importante da nosa arquitectura relixiosa e civil.

–300.000 anos



–4.000 anos



–2.500 anos

–1.000 anos



Século I



Século II

Século III

Século IV

Século V

Século VI

Século VII

Século VIII

Século IX

Século X

Século XI

Século XII

Século XIII

Século XIV

Século XV

Século XVI

Século XVII

Século XVIII

Século XIX

Século XX

1939

1960

1975

Século XXI



COLEXIO PÚBLICO DE ENSINO  
PRIMARIO DA CRUZ. CAMOS. NIGRÁN



Concellería de Educación  
CONCELLO DE NIGRÁN

Desenho e maquetación: Manuel Santos / Debuxos: Pepe Carreira








# Trobadores, xograres e soldadeiras




Os trobadores normalmente cantaban esas mesmas cantigas pero nas prazas das vilas. Amenizaban as historias amorosas ou de facer rir con balles e música de diferentes instrumentos e, en moitos casos, coas danzas das fermosas soldadeiras. Elas son moi importantes, porque nun momento en que a muller tiña unha escasa presenza social elas representaban a plena liberdade. Viaxaban e facían o que querían. Quérase dicir, foron as primeiras mulleres independentes do medievo e a elas débémolles moito do conseguido ata hoxe. A avoa de **MOCIÑO** lembra as aventuras dunha amiga dela que era soldadeira e que seica se chamaba **Maria, a Balteira**.

Ademais estes señores non tiñan pelos na lingua e cando querían criticar non se cortaban. Motábanse de todo, dende ricos infantés que eran parvos ata cregos, reis ou mesmo os seus compañeiros. Facían un deses programas da tele na que se poñen a caldo mais sen caer nas parvadas actuais.




A ponte medieval de Noya.



Alfonso X, o Sabio.

Se non nos credes vede esta cantiga do rei Alfonso X:

Non quero eu doncela fea  
que ante a miña porta peidea,  
Non quero eu doncela fea  
e cheirenta como carbón,  
que ante a miña porta peidea  
nin faga como sisón. (ave que cheira moi mal)  
Non quero eu doncela fea  
e peluda como un can,  
que ante a miña porta peidea  
nin faga como alermán. (outra ave que fede)  
Non quero eu doncela fea  
que ante a miña porta peidea.



As cantigas de trobadores e trobadeiras foron un tipo de poesía, un tipo de música, un tipo de teatro e un tipo de arte que se escribiu en Galiza.



CRONOLOXIA DA NOSA HISTORIA



# Es barrullando Fortalezas

Aquela mañá de seca, **MOCIÑO** e mailo seu irmán buscaban polbos nas rochas de Portocelo. **MOCIÑO** gozaba contemplando a habilidade do seu irmán máis vello no manexo do bicheiro; mentres, el aproveitaba o tempo recollendo croques e ameixas. ¡Que mágoa que non puidesen tamén saborear aqueles polbos que conseguiran pescar! Pero iso ¡era imposible! Aquela captura serviría para pagar o foro debido ó **Mosteiro de Oia**, a cambio do permiso para traballar unha porción das súas terras (outras veces a familia satisfacía o foro e demais rendas, cunha parte da colleita, con peixe, cabritos ou años, con viño, pan cocido, castañas ou froita). Era mediodía, a marea xa subira e o sol quentaba con forza; así que decidiron regresar a casa. Axudarían ós pais a vendimar, coidar a horta e vixiar o gando na devesa... Cando chegaron a casa observaron como a nai tentaba consolar a unha veciña á que lle acababa de morrer o home. Aquela muller estaba desesperada; á tristeza da perda do seu home tiña que engadir a preocupación pola subsistencia dos seus fillos –todos aínda demasiado novos para axudala nas tarefas agrícolas–. Choraba desconsolada porque non sabía como pagar a luctuosa esixida á morte do cabezaleiro do foro para que puideran herdalo os seus sucesores.

“¡Que vida a nosa! –pensou **MOCIÑO**–, non facemos máis que traballar e traballar... e a duras penas podemos subsistir debido ás múltiples cargas ás que temos que facer fronte. ¡Que ben viven, pola contra, o abade e os frades do Mosteiro!”.



Castelo de Soutomaior



Torres do Oeste de Catoira



Torre do Mariscal Pardo de Cela (O Valadouro)

**Mociño** mirou de esguello para o seu irmán e comprobou que tiña os ollos cheos de bágoas e os dentes apertados pola carraxe que sentía. **Mociño** intuía que o seu irmán pensaba que as cousas tiñan que cambiar, aínda que non soubese como...

Aquela noite a cociña da casa de **MOCIÑO** estaba chea de xente. Seu pai convocara á veciñanza para tratar de buscar entre todos unha maneira de axudar a aquela pobre viúva. ¡En momentos tan duros só lles quedaba a solidariedade! Entre toda aquela xente había mariñeiros, campesiños coma eles, e algún artesán e mercador de Baiona que casaran alí, en Panxón. A reunión deu pé a que os veciños compartisen os seus problemas e expresasen o seu desacougo e as súas inqueanzas ante a dureza daquela vida.

Polos veciños de Baiona informáronse dos sucesos que estaban a acontecer nas cidades e vilas do Baixo Miño –ocupadas e saqueadas pola nobreza–. Don **Álvaro de Soutomaior** e outros señores ó seu servizo –como o de Sobroso– efectuaban actos de roubo e pillaxe usurpando as rendas ó seu señor natural –o Bispo de Tui– (converténdose así en auténticos malfeitores). Os abusos e agravios eran tantos que os ofendidos estaban organizándose en Irmandades que reunisen a tódolos asoballados pola inxustiza. A **MOCIÑO** custáballe comprender todo aquilo, pero na cara do seu irmán notou a firme e inquebrantable decisión de formar parte daquel movemento popular que buscaba a equidade, a redución de privilexios e unha auténtica xustiza para todos.

E así foi, o irmán de **MOCIÑO** –integrante da Irmandade do Miño– foi partícipe do mar de xente en armas de todo o país; dos miles de homes e mulleres que marcharon enfurecidos contra castelos e pazos, que derrocaron fortalezas case inexpugnables e que fixeron fuxir –cara a Castela e Portugal– ó máis representativo do señorío –arcebispo Fonseca, Conde de Lemos, Mariscal Pardo de Cela, Pedro Álvarez de Soutomaior...–.

**MOCIÑO** aínda era moi novo para asimilar moitas das cousas que estaban pasando, pero nunca se sentira tan orgulloso daquel irmán co que compartira tantas penurias, tantos momentos felices... Aquel irmán ensináralle algo moi importante: o valor da xustiza, da solidariedade, da dignidade...

### ● VOCABULARIO

**FORO:** Contrato ó través do cal os señores (propietarios das terras) cedían ós campesiños o dominio útil da terra por un tempo e unha renda determinada (foro), recuperándoa novamente ó finalizar o contrato. Este censo adoitaba pagarse en especie: algún animal doméstico, unha pequena cantidade de viño, peixe, cereais, froitas, castañas...

**LUCTUOSA:** Era o dereito do señor a cobrar un cánón á morte do cabezaleiro do foro para que poidese herdalo o seu sucesor (imposto moi gravoso consistente na entrega “do mellor”: diñeiro, un ou dous carneiros...).

**MOSTEIRO DE OIA E BISPADO DE TUI:** Eran cotos –unidades básicas do señorío xurisdiccional típicos do feudalismo galego– existentes na zona do Baixo Miño (zona na que predominaban os señoríos eclesiásticos, aínda que tamén existían territorios laicos –como o de Soutomaior– e territorios realengos –como Baiona).

**BAIONA:** Era unha das vilas (ademais de Vigo, Redondela e A Guarda) que se estaban conformando como núcleos urbanos, caracterizándose pola especialización artesanal e a existencia de mercado. Concretamente Baiona contaba cunha artesanía de tipo rural e mariñeiro na que prevalecen forneiros, muiñeiros, zapateiros, carpinteiros, mercaderes, mariñeiros, pedreiros, prateiros, pobeiros, alfaites...

**PEDRO MADRUGA:** Pedro Álvarez de Soutomaior é un dos señores feudais máis representativos dos abusos e atropelos da nobreza galega. Exilado a Portugal despois do triunfo da Irmandade, coordinará o contraataque da nobreza. Vencidos os irmandiños, durante a guerra de sucesión que xurde á morte de Enrique IV entre Isabel e Xoana a Beltranexa (apoiada por Portugal) capitaneará o bando prulitano procurando o dominio portugués na zona (ocupando Tui, A Guarda, Baiona, Vigo, Redondela e Pontevedra).

**IRMANDADES:** Xuntas de veciños –con atribucións policiais– que xurden nos núcleos urbanos para facer fronte á desorde, anarquía e carencia de xustiza real daquela época de crise (miseria, fame, epidemias...). O seu principal obxectivo era acabar cos abusos e atropelos da nobreza. Miles de homes e mulleres tomaron por asalto e derrocaron as fortalezas da nobreza, facendo fuxir cara ó exilio o máis representativo do señorío.



Catedral-fortaleza de Tui



Torre do Príncipe do castelo de Balona

➔ -300.000 anos



➔ -4.000 anos



➔ -2.500 anos



-1.000 anos

➔ Século I

➔ Século II

➔ Século III

➔ Século IV

➔ Século V

➔ Século VI

➔ Século VII

➔ Século VIII

➔ Século IX

➔ Século X

➔ Século XI

➔ Século XII

➔ Século XIII

➔ Século XIV

➔ Século XV

➔ Século XVI

➔ Século XVII

➔ Século XVIII

➔ Século XIX

➔ Século XX

1939

1960

1975

➔ Século XXI



COLEXIO PÚBLICO DE ENSINO  
PRIMARIO DA CRUZ. CAMOS. NIGRÁN



Desenho e maquetación: Manuel Santos / Debuxos: Pepe Carreira



# A Gran Baiona



Amiguiños, levo 300.000 anos ás voltas pola historia do Val Miñor e nunca tal vin como este cento de anos entre 1493 e 1593. Foi de tolos.

Resulta que o primeiro de marzo de 1493 chegou un barquiño, **A PINTA**, ó mando dun que falaba andaluz, un tal **MARTÍN ALONSO PINZÓN**, que viña bastante doente e dicindo que descubriran unhas terras novas a dous meses de viaxe; e debía ser verdade porque traían uns homes morenos e paxaros raros, de cores, plantas e sementes daquelas terras. Aquí amañáronlle o barco e saíu cara o sur, que o miramos nós.

Baiona foi daquela, coa Coruña, o porto de máis importancia na fachada atlántica dos reis españois, así Fernando e Isabel e o seu bisneto Felipe II, empeñáronse en mellorar o castelo e que a xente vivise alí dentro das murallas e non abaixo na vila vella situada na Palma. Farteime a mirar subir ó castelo centos de carros de pedra. O que máis me gustou foi a reconstrucción da **Torre do Príncipe**, tan feituquiña.


No castelo vivían moitos militares e tamén monxes e outras autoridades; había canóns para defenderse dos piratas e dos portugueses. Mirade, o día de Corpus subía ate a praza de armas de Monte Real unha longuíssima procesión encabezada pola coca –un dragón moi feo– con imaxes de santos, cruces, pendóns, palio, música de gaitas e caixa. Ían trepando as alfombras de flores que lle facíamos e pasaban por debaixo de arcos de ramas. Os barcos disparaban os seus canóns e tamén disparaban os militares do castelo. Pero a min o que máis me gustaba era a **DANZA de ESPADAS** que bailaban os mariñeiros. Cravábanlle catro espadas na boca e na barriga ó seu xefe e logo axeonllábanse a saudarlle á Hostia Santa. ¡Vaia festón!

Baiona parecía a torre de Babel, aquí viñan ingleses, franceses, italianos, flamencos, ... de todas partes do mundo con outras falas, vestires e relixións; rubios, morenos, con pecas, ... Xa vistes que ata de terras recen descubertas, aqueles morenos da Pinta; un deles morreu aquí. O porto era un rebumbio de cargadores, barcos, mercancías que ían unhas e viñan outras. Aquí viño, limóns, panos, madeira, sal. Os almacéns cheos, os carros cargados, as tabernas a reverter de xente: mariñeiros, comerciantes, soldados, paisanos. Debíamos ser moi importantes porque no 1585 déuselle a un pirata inglés, un tal Francis Drake por queimar a ermida do Burgo e tentar entrar en Baiona, pero chegou á Porta da Vila e fixémoslo volver ós barcos que estaban a agardarlle na Illa. Tivemos axuda de Gondomar, Tui e Salvaterra.

Para coller máis poder o concello comprou no 1593 a Cámara de Parada, que consistía na xurisdicción de todo o Val Miñor ate Saiáns para levar os asuntos xudiciais. ¡Valeunos 70.000 ducados!



Torre do Príncipe



COLEXIO PÚBLICO DE ENSINO PRIMARIO DA CRUZ. CAMOS. NIGRÁN

Concellería de Educación  
CONCELLO DE NIGRÁN

Desenvolvemento e Maquetación: Manuel Santos | Debuxos: Pepe Camino

**CRONOLOXÍA DA NOSA HISTORIA**

- 300.000 anos
- 4.000 anos
- 2.500 anos
- 1.000 anos
- Século I
- Século II
- Século III
- Século IV
- Século V
- Século VI
- Século VII
- Século VIII
- Século IX
- Século X
- Século XI
- Século XII
- Século XIII
- Século XIV
- Século XV
- Século XVI
- Século XVII
- Século XVIII
- Século XIX
- Século XX
  - 1939
  - 1960
  - 1975
- Século XXI



# edra e madeira feitas arte



Pazo Mendoza



Peto de Ánimas (cruceiro de Mañufe)



Concello de Balona



Espadana da Biblioteca


Como non era parvo e o latín dábaselle ben, **MOCIÑO** entrara de acólito do cura de Parada. Don Xosé era un bo home a quen o que de verdade lle gustaba era comer, sobre todo tomar o chocolate e mollar nel medio boleardo dos que facían as criadas do **Pazo da Touza**.

Don Xosé andaba preocupado. Como os décimos eran moitos e a doazón do señor de Méndez fora grande quería erguer un bo campanario na igrexa, ¡que lucise! —diciá el— e que fose a envexa das outras parroquias. Pero non sabía a quen encargallo.

Un luns, ben cedo, o cura na mula e o rapaz no burro fariñeiro, tomaron o camiño do **mosteiro de Oia**. Era no mes de xullo de 1760. Chegamos contra o medio día ao mosteiro. Alí o bulir era moito, xente de aquí para alá e un home alto, cuberto cun sombreiro de coiro, que corría dun lado para outro dándolle berros a todos.

—Ese é Xoán Lomba, díxome don Xosé, o mestre canteiro que anda a dirixir as obras do campanario. Continuou: —os monxes teñen tantas rendas que non paran de facer obras; hai vinte anos que refixeron toda a fachada, e ben bonita que lles quedou.

No camiño de volta, na vez de seguir para Parada detivémonos en **Baiona**. Fomos dereitiños ao **Campo de Santa Liberata**, pois o meu instructor desexaba ver a igrexa. Ao entrar dentro, lembrouse que aos poucos meses de dicir a súa primeira misa viñera á bendición do retablo maior, que é obra dun artista —dixo— o ebanista Antón do Vilar. Fora o 20 de xullo de 1738.



Santa Liberata

—Por certo, acordou ao saír, agora imos ver outra obra deste xenio que foi o chorado Antón do Vilar, pois tamén é o mestre que fixo o non menos fermoso retablo da **Colexiata**.

Baixamos por diante do Hospital; alí don Xosé detívose, mirou para o campanario e preguntoume: ¿Gustaríache unha espadana coma esa para a nosa igrexa? Pasamos por diante dunha das casas máis antigas do Miñor, o **Pazo de Ceta**. Mesmo fronte por fronte dela, andaban a traballar noutra que era dun rico capitán chamado Lourenzo Correa. Máis abaixo pasaremos por diante doutra que non lle vai quedar atrás, pága a Deán da catedral de Compostela —aclarou don Xosé.

Apuramos para chegar con día a Parada. Pasamos pola **ponte de Mañufe** e detivémonos no **Cruceiro do Acordo** para mirar o peto de ánimas que lle acababan de poñer. Ollamos para riba e comezamos a subir a toda présa para a casa, non sei se era porque se facía noite ou polo medo que me meteu no corpo a serpe pintada de verde do cruceiro.




Retablo de Santa Liberata



Retablo da Colexiata



Pazo da Touza



COLEXIO PÚBLICO DE ENSINO PRIMARIO DA CRUZ. CAMOS. NIGRÁN

Concellería de Educación  
CONCELLO DE NIGRÁN

Desenho e maquetación: Manuel Santos / Debuxos: Francisco Botalla e Pepe Carreira

CRONOLOGÍA DA NOSA HISTORIA



# Frades, Foros, Fidalgos e Labregos



Solaina de Vilarés

Pasaron polo Pazo da Touza. Detrás quedaba Balinfra. Máis alá Torres Brancas e, preto do gran souto do Castelo, as imponentes Torres de Méndez. Ao virar o camiño, miraron a Casa Grande de Parada, preto da igrexa, que erguía fachendosa a súa espadana.



O camiño meteuse no souto; os enormes castiñeiros estaban tan mestos que nin deixaban chegar as raiolas do sol mañanceiro. ¡Ai, as castañas! ¡Millo e castañas! ¡Castañas e millo! Bendición dos pobres. Chegaron ao Cruceiro. Comezaron a subir para Pampillón. Segundo ían subindo puideron ver o souto grandísimo que rodeaba o Pazo do Conde de Gondomar.

Á dereita quedou a Casa de Fontán; o camiño empedrado pasaba mesmo a rentes da capela. Baixaron ata a Pousa de Bermúdez, e ao pouco, alá na cima, apareceu enorme a solaina da Casa Grande de Vilarés. Alá no alto dexergábase a Casa de Barreiro e logo o camiño seguía, fondo e escuro coma unha congosta, ata chegar ao enorme portal da Casa dos Arines, que era xente moi principal.

No mesmo momento chegaba alguén. Debía ser moi importante, porque o señor de Cea púxose nervioso e o de Pampillón saíu a recibilo. Logo MOCIÑO soubo que aquel home, grande e gordo, vertido de encarnado, era don Policarpo de Mendoza, o que mandara facer a casa de Mañufe e outra seica tamén moi grande e bonita en Baiona.

Antes de entrar no patio chegou outro home importante. Seu pai díxolle ao oído: É o abade de Oia. ¡As veces que oíra MOCIÑO falar del! Moita xente traballaba terras do mosteiro e pagáballe rendas ao abade.




Pazo da Touza



Cruceiro de Mañufe



Mosteiro de Oia



Pazo Cadaval

Aquela mañá MOCIÑO ergueuse ben cedo para axudar a seu pai. Era o San Bieito e os amos estaban convidados á Casa Grande de Pampillón. Había que o preparar todo.

A comitiva virou á esquerda na de Cadaval. A casa era ben antiga, tiña torre. O camiño seguiu a rentes das cortiñas do millo. ¡Que sería da xente se non houberse millo! Seica antes non o había. Debían pasar tanta fame como naquel ano desgraciado de 1769.

Ao pouco entraron en Camos. Alí vivía o seu irmán Antón. Traballaba dúas cortiñas do Marqués de Priegue, administradas polo fidalgo da Casa de Balinfra. Entre o foro e o décimo da parroquia pouco lle quedaba.



Escudo do pazo de Cea



Pazo de Pampillón

-300.000 anos



-4.000 anos



-2.500 anos



-1.000 anos

Século I



Século II

Século III

Século IV

Século V

Século VI

Século VII

Século VIII

Século IX

Século X

Século XI



Século XII

Século XIII

Século XIV

Século XV

Século XVI

Século XVII

Século XVIII

Século XIX

Século XX

1939

1960

1975

Século XXI

CRONOLOGÍA DA NOSA HISTORIA

COLEXIO PÚBLICO DE ENSINO  
PRIMARIO DA CRUZ. CAMOS. NIGRÁN



Diseño e maquetación: Manuel Santos / Debuxos: Francisco Botuda e Pepe Carreira



# A Trabucazo Limpo



Dúas imaxes do Pazo de Pías



Carlos de Borbón

Aquel día **MOCIÑO** estaba alí. Era o 28 de marzo de 1809 e os franceses abandonaban Vigo. O cura de Sabarís andara falando por todas as aldeas de que había que morrer por "Deus e o Rei", organizou as "alarmas", nas que se enrolara o pai. A verdade é que máis que cura parecía un entroido, coa sotana negra, o trabuco ao lombo e o espadón ao cinto. Decía cousas terribles dos franceses e dos que os apoiaban. Os máis malos dos franceses seica eran un tal **Soult** e outro chamado **Ney**. O pai de **MOCIÑO** púxolles eses nomes a dous atolados cachorros de palleiro.

**MOCIÑO** ía detrás da tropa, de criado dun neno da súa mesma idade, don **Xosé Arias Teixeira**. O pai deste, don Antonio, era o Señor da casa de Pías. Expulsados os franceses, a Milicia regresou ao Val. Mais durante anos as cousas non estarían tranquilas.

En 1812 promulgouse a **Constitución de Cádiz**, e de novo tanto o **Señor de Pías** como o cura de Sabarís chamaron aos seus partidarios a levantarse en armas. As cousas fóronse calmando co regreso do rei **Fernando VII**.



Canizo do Pazo de Pías


De novo houbo axitación en 1820 co triunfo da sublevación de **Rafael del Riego** e o restablecemento da **Constitución de 1812**. Don Antonio, o seu fillo don Xosé, o cura de Sabarís e outros cregos e fidalgos chamaron aos seus a sublevarse. O crego armou unha auténtica fortaleza na torre da rectoral. Mesmo hai xente que di que foron eles quen prepararon o asalto a Baiona por parte da gavela do capitán **Guillade**, quen andou a tiros polas rúas de Baiona, Sabarís e A Ramallosa e roubou en moitas casas.

Don Xosé logrou refuxiarse en Portugal, dende onde organizou a **Milicia Realista Voluntaria** do Val Miñor, da que era o comandante e así axudou ao triunfo dos **Cen Mil Fillos de San Luís** franceses cando invadiron España, en 1823, para restablecer o poder absoluto do rei.

Agora tocáballe aos outros. Os ricos comerciantes de Baiona, **Xosé Ramos** e **Vicente Soto**, foron parar á cadea. Ambos formaron parte do goberno municipal constitucional.

Coa restauración do absolutismo o **Señor de Pías** marchou para a capital do reino. Non regresou ata despois da morte de **Fernando VII** (1835). Na Ramallosa reuniu aos seus e pediulles que protexesen á súa familia, xa que el ía servir ao pretendente don Carlos na súa loita contra a raíña usurpadora **Isabel**.

Durante anos foi unha especie de primeiro ministro de don Carlos. Derrotada a "causa" refuxiouse en Francia onde se dedicou aos traballos científicos. Xa velliño, regresou á casa da Ramallosa e aínda tivo tempo para convencer aos labregos do Val Miñor de que a pataca era un excelente alimento perfectamente comestible. Faleceu en 1867 e está enterrado en San Pedro.



Rafael Riego



Xosé Arias Teixeira

COLEXIO PÚBLICO DE ENSINO  
PRIMARIO DA CRUZ. CAMOS. NIGRÁN



Concellería de Educación  
CONCELLO DE NIGRÁN

Deseño e maquetación: Maribel Santos / Delineación: Francisco Balleza e Pepe Carreira



# Baiona, conserveiros e turistas

**MOCIÑO** había anos que facía de mozo de carga. O seu traballo consistía en erguerse moi cedo, ás catro da mañá, para carrexar maletas, petates e vultos das persoas que ían na carruaxe que saía de Baiona ás cinco. Os viaxeiros estarían en Vigo ás oito para poder tomar o tren para Madrid. O mesmo traballo facía **MOCIÑO** ás nove da mañá e ás seis da tarde, que era cando chegaban a Baiona as dilixencias que saían de Vigo, da porta da Falperra, tres horas antes. Ás dez da mañá e ás cinco da tarde tiña o mesmo labor, neste caso para achegar os petates ao vapor que facía a liña Vigo-Baiona.



Balneario e praia Concheira a principios do século XX



Cada ano que pasaba Baiona recibía máis turistas. Era xente rica que viña tomar os baños da **Cuncheira**. Algunhas destas familias fixeron casa en Baiona. Segundo pasaban os anos tamén viña xente a pasar o día e coñecer a vila que dicían tan fermosa. Baiona púxose de moda con motivo da visita do rei **Alfonso XII** e dona **María Cristina de Lorena** en agosto de 1881. A parella real percorreu a vila e o castelo de Monterreal, e ao chegar á capital fixeron moitas gabanzas da súa fermosura e do seu parecido con San Sebastián. Os turistas foron en aumento e a fama dos baños da Cuncheira e do valor terapéutico das súas algas tamén. Así foi como en 1893 se construíu un balneario con vinte casetas de madeira que substituíron ás vellas de lona. Logo viñeron outros edificios con pías, bombas de auga, caldeiras para quentala, etc.



O oficio de levar maletas e petates ía vento en popa. As propinas cada día eran melloras.

O pai de **MOCIÑO** andara toda a vida ao mar. Pero dende había uns anos traballaba para os Puga. Era patrón dun fermoso barco, por nome Santa Marta. A caldeira de vapor era do mellorciño, fixérala nunha fábrica noviña e enorme que abriran en Vigo chamada Vulcano, mentres que o casco de ferro fixéralo nunha que acababa de inaugurar a Viúva de Barreras.

Mentres, súa nai traballaba na fábrica de conservas. Papá e mamá sempre falaban do moito que avanzaran as técnicas da pesca e da conserva. Agora todo era moi limpo. Na fábrica só se traballaba o peixe e xa non se envasaba en cristal, era todo en folia de lata pintadiña co nome da fábrica e debuxos que facían en **La Metalúrgica** ou **La Artística** de Vigo. Agora o aceite é un fio limpiño e as latas méntense nas caldeiras de vapor para que non se estraguen, e saen caixas e caixas que van no tren.

**MOCIÑO** conta con deixar pronto de andar de carrexador e poder enrolarse, así o prometeu o Señor Puga, no barco do seu pai.

COLEXIO PÚBLICO DE ENSINO  
PRIMARIO DA CRUZ. CAMOS. NIGRÁN

**iem**  
instituto estudos miñoranos

Concellería de Educación  
CONCELLO DE NIGRÁN

Deseño e imáxeta: Manuel Santos / Debuxos: Francisco Bolaño e Pepe Carreiro

-300.000 anos



-4.000 anos



-2.500 anos



-1.000 anos

Século I



Século II

Século III

Século IV

Século V

Século VI

Século VII

Século VIII

Século IX

Século X

Século XI

Século XII

Século XIII

Século XIV

Século XV

Século XVI

Século XVII

Século XVIII

Século XIX

Século XX

1939

1960

1975

Século XXI







# Tempos de Mudanza

### Campesiños propietarios, conserveiros e emigrantes



Carteis de compañías de transatlánticos

**MOCIÑO** soñaba rápido e viáse noutro barco aínda máis fermoso, vestido cun elegante traxe, chapeo e bastón. Viáse baixando do seu automóbil, saudado, aplaudido e admirado polos veciños, como o Sr. Losada, que lle regalou o reloxo ao concello de Gondomar e puxo o tranvía, ou se non como o Sr. Salgado, que levou a electricidade a Baiona.



Basilio Álvarez

Os apupos do pai sacárono do soño, pero ao pouco volveu a el. ¡Iso si!... non volvería nunca como o Sr. Manuel da Rotea, que retornou expulsado polo goberno arxentino, enfermo e sen cartos para morrer na casopa da velliña da súa nai. En tantos anos que botou alá nin mandou uns poucos pesos para que a súa nai puidese redimir a horta de tras da casa.

É que era o que el dicía, había que pagar algo polas terras e deixarse das parvadas do papá, que andaba sempre con iso de que había que abolir os foros, que se os pais dos seus pais... e dos seus pais... traballaban as terras... e troupoloutrou.

O papá un día levouno a Sabarís a escoitar a un cura gordecho que berraba moito, pero non dicía misa, senón que falaba contra os foros. O cura aquel chamábase **Basilio Álvarez**. Á súa beira estaba un dos fillos da Inés, que tamén estivera en América, pero non viñera rico senón con ideas raras e organizou unha sociedade na que mercaban sementes seleccionadas, tiñan revistas, e discufían sobre adubos minerais e razas de gando; e querían abolir os foros.



Adegas do galego Manuel Lemos na Arxentina (1912)



Fábrica de conservas Alonso, en Vigo

O papá lía periódicos como **El Pueblo**, que saía en Baiona, e no que escribía un tal Barreiro, de quen seu pai falaba con moita admiración, pero ao que ninguén lle debía facer moito caso porque ao final tivo un xuízo por meterse cun cura e foi condenado ao exilio fóra de Baiona. Mociño lía moi ben e sabía moitas cousas pois andara a estudar nas **Escolas Pro Val Miñor** que pagaban uns americanos moi ricos.

Ao chegar preto da mar, o arrecendo do argazo, o cheiro a salitre, lembroulle o que traía Mociña, unha súa veciña que como a súa nai fora ama de cría duns señores cataláns de Baiona. Estes empregáranos na **fábrica de conservas**. O que eran as cousas: unha mozam de Camos traballando nunha fábrica e cobrando un soldo que para si quixeran moitos homes, e todos os días para arriba e para abaixo no tranvía.

Os tempos cambiaban moi á présa..

COLEXIO PÚBLICO DE ENSINO PRIMARIO DA CRUZ. CAMOS. NIGRÁN

Concellería de Educación  
CONCELLO DE NIGRÁN

Deseño e maquetación: Manuel Santos / Debuxos: Francisco Boluda e Pepe Carreira



Primo de Ribera nas Escolas Proval

→ -300.000 anos



→ -4.000 anos

→ -2.500 anos



-1.000 anos

→ Século I

→ Século II

→ Século III

→ Século IV

→ Século V

→ Século VI

→ Século VII

→ Século VIII

→ Século IX

→ Século X

→ Século XI

→ Século XII

→ Século XIII

→ Século XIV

→ Século XV

→ Século XVI

→ Século XVII

→ Século XVIII

→ Século XIX

→ Século XX

1939

1960

1975

→ Século XXI

CRONOLOGIA DA NOSA HISTORIA



# A



# Nena Bonita e o Terror



Como a camioneta do leite tardaba en chegar, **MOCIÑO** botou a andar. Ao chegar á Touza sentiu o estrondo dos mozos, o renxer do motor e a buguina a chiar. Agardou. Subiu como puido á leiteira e todo foron abrazos e berros. Era un día feliz aquel 14 de abril de 1931. Ao pouco de chegar, saíu ao balcón da Casa do Concello unha mociña moi fermosa envolta na **bandeira tricolor da IIª República**.

Foron aqueles anos de esperanza para **MOCIÑO**, a súa familia e os seus amigos. Traballaba toda a semana e despois, o sábado a un lado ou a outro, ao local do **Sindicato dos Mariñeiros de Panxón** a escoitar o que dicían o Modesto "Rei Chiquito" e os seus compañeiros; ao seguinte á **Sociedade de Labregos de Sabarís**, que presidía **Xosé Villafines** e ao que acudían tamén o seu irmán Agustín, quen sería alcalde de Baiona, e Pepe e Luís "os da Inés". Outros días ía ata a **Sociedade de San Pedro** para mercar o mineral ou sementes seleccionadas. Os domingos gustaba de escoitar as tertulias que se formaban no **adro das Angustias** en torno ao mestre **Xosé Vázquez Grela**, quen logo sería alcalde de Nigrán. Mesmo ás veces daban unha boa paseata para admirar o templo que **Palacios** pensara para Panxón. A ledicia era moita.



Iglesia das Angustias



Templo de Palacios, en Panxón



Cartel feito por Castelao para o Estatuto

Ainda que e... ás veces había ollos que ferían. **MOCIÑO** notábaos ao pasar por diante do **Casino de Sabarís**, por algúns comercios d'A Ramallosa ou Gondomar e sentíaos moito máis por detrás das cortinas e das portas entreabertas dalgunhas casas boas, cando se xuntaban para ir ás manifestacións de Vigo polo primeiro de maio ou polo 25 de xullo.

Houbo momentos tristes, pero pronto volveron as boas novas coa victoria da **Fronte Popular** en 1936. Pero o día máis feliz da vida de Mociño foi aquel 28 de xuño no que se aprobou o Estatuto de **Autonomía de Galicia**. Foi aquel o día máis feliz da súa vida, pero tamén o último. Case un mes despois, o 18 de xullo de 1936, produciuse o levantamento dos militares en África e Galicia quedou baixo o seu control.

**MOCIÑO** fuxiu, agochoouse polos montes de Priegue durante moito tempo, logo nun tobo preto da casa. Aos poucos íanlle chegando as novas da barbarie, das detencións, das mortes, dos asasinatos do alcalde de Nigrán, dos fillos da Inés, do Rei Chiquito e oito máis na volta de Baredo... O corazón encolleuse para sempre e o sorriso desapareceu do rostro de **MOCIÑO**.



Falangistas desfilando en Sabarís

-300.000 anos



-4.000 anos



-2.500 anos

-1.000 anos



Século I



Século II

Século III

Século IV

Século V

Século VI

Século VII

Século VIII

Século IX

Século X

Século XI

Século XII

Século XIII

Século XIV

Século XV

Século XVI

Século XVII

Século XVIII

Século XIX

Século XX

1939

1960

1975

Século XXI



COLEXIO PÚBLICO DE ENSINO PRIMARIO DA CRUZ. CAMOS. NIGRÁN



Diseño e maquetación: Manuel Santos / Debuxos: Francisca Botudo e Pepe Carreiro

# A Longa Noite de Pedra fame e medo

Aqueles foron anos moi duros. **MOCIÑO** procuraba ir todos os días á misa, non faltaba a unha procesión, nin a un desfile da Falange, nin ás celebracións máis significadas do réxime. O medo estaba metido ben dentro do corpo. O silencio era a forma de sobrevivir. Silencio e fame. E cando tiñas que falar fóra da casa ou da parroquia lembrar sempre que había que facelo en castelán, aínda que non o souberas.

Ao remate da guerra acabouse o pouco que quedaba para comer. O peor foi 1942, "o ano da fame" chamáronlle. Cando o pan tiña vermes era unha bendición, xa que así comíase un pouco de carne; ás agachadas apañábase do mar o que se atopase; un pouco de auga quente con catro patacas e algunhas verzas facían unha festa e se había un pouco de unto era un banquete... Así, ano tras ano...

Algúns atrevíanse a escoitar as emisoras clandestinas. As radios dicían que os aliados avanzaban. A Segunda Guerra Mundial chegaba á fin. A esperanza renacía. Agora os aliados invadirían España e devolveríanlle a liberdade. Algúns máis atrevidos botáronse ao monte para estar preparados no momento da invasión. Fóra de España os exiliados animaban para que a intervención aliada se producise.



Escultura "Longa Noite de Pedra", de Fernando Casás



Folla de identidade dun emigrante



A lingua galega era perseguida



Despedida de emigrantes na Coruña (1956). Foto de Manuel Ferrol.



Os emigrantes viaxaban en terribles condicións



Desembarco de emigrantes en Bos Aires

Pero a Guerra rematou, o tempo pasaba e a invasión non se produciu. A esperanza esvaíase.

Neses anos, **MOCIÑO** fixose maior e chegou a hora de casar. O primeiro fillo chegou con algúns cambios. O réxime de Franco asentábase, o bloqueo internacional disminuía, a Argentina de Perón permitiu enviar cartas e vendíalle trigo a España, e finalmente o presidente dos Estados Unidos visitou España. **MOCIÑO** ben lembra aquilo, porque, pouco despois, na escola á que ía o cativo comezaron a darlle leite en po e un queixo amarelo que traían en grandes sacos que tiñan a auga norteamericana por fóra.

As cousas melloraron, nomeadamente porque se abriron as portas e a xente puido volver a emigrar. Centos de persoas agardaban de novo no peirao de Vigo a chegada dos grandes transatlánticos para atravesar o mar. Igualiño que cando Mociño ía apañar o argazo. Uruguai, Argentina, Brasil inzáronse de novo de xentes nacidas no Val Miñor.

**MOCIÑO** pasou moitas, moitas noites... sen dormir. Os amigos e familiares mandábanlle cartas dicíndolle que se fose o ían axudar, que alí había traballo, mesmo que se podía chegar a poñer un negocio e que tamén había liberdade... Matinou moito no asunto pero quedou.

**-300.000 anos**

**-4.000 anos**

**-2.500 anos**

**-1.000 anos**

**Século I**

**Século II**

**Século III**

**Século IV**

**Século V**

**Século VI**

**Século VII**

**Século VIII**

**Século IX**

**Século X**

**Século XI**

**Século XII**

**Século XIII**

**Século XIV**

**Século XV**

**Século XVI**

**Século XVII**

**Século XVIII**

**Século XIX**

**Século XX**

**1939**

**1960**

**1975**

**Século XXI**

CRONOLOXIA DA NOSA HISTORIA




COLEXIO PÚBLICO DE ENSINO PRIMARIO DA CRUZ. CAMOS. NIGRÁN

Concellería de Educación  
CONCELLO DE NIGRÁN

Deseño e maquetación: Manuel Santos / Debuxos: Francisco Bolaña e Pepe Carreiro



# A Dourada Europa



Fábrica de Citroën



Franco, en Santiago



Recén emigrados

As cousas cambiaron tanto que o pai de **MOCIÑO** decidiu mercar un "dous cabalos" que servía tanto para ir a Vigo como para traer un feixe de herba. ¡Moito coidaba o papá nel! Pero no que máis se notaron os cambios foi que cando **MOCIÑO** rematou na escola o papá decidiu que fose estudar o bacharelato a Vigo. Sería o primeiro da súa familia que o faría. Os estudos ían ben e a economía familiar tamén, así que **MOCIÑO** marchou logo a Compostela. Era o gran orgullo do seu pai, en todas partes presumía de que o seu fillo estudiaba na Universidade.

**MOCIÑO** coñeceu outro mundo en Compostela. No ano 68 houbo unhas protestas estudiantís en Santiago e en toda Europa e América. As ideas novas abríanse paso. **MOCIÑO** foi detido pola policía e obrigárono a deixar os estudos e ter que ir facer o servizo militar. O desgusto na casa foi enorme. O seu pai choraba e dicíalle como lle podía facer iso.

O pai de **MOCIÑO** non se animara ao que chamaban "atravesar o charco". Resistira e quedara. Pero agora a tentación era moita. Xa non era ir tan lonxe: Francia, Suíza, Alemaña... abríanlle as portas aos emigrantes. As vantaxes eran moitas, aínda que o dos idiomas tan raros botaba para atrás. Pero o que máis ilusionaba era que se podía ir cun contrato por meses, renovalo despois se aguantabas e se non regresar.

O pai de **MOCIÑO** foi traballar á construción a Suíza, ao cantón alemán. Primeiro como turista botou uns meses, logo conseguiu un contrato. En total foron cinco anos. Cando viña sempre falaba de Suíza. Os aforros deran para rematar a casa nova que foi collendo o estilo das das montañas alpinas que o papá mandaba nas postais.

**MOCIÑO** non lembra ben cando regresou seu pai para quedar, pero o motivo tamén viña de Europa. Uns anos antes comezara a construírse a Citroën e seu pai tivo a sorte de entrar nela. Aquelo si que cambiou a vida: agora o papá estaba na casa, tiña un traballo fixo e un salario todos os meses; iso si, seguía a traballar os campos e a atender os animais.


Naqueles anos moitos edificios se fixeron, sobre todo en Panxón, onde tragaron as dunas, e en Baiona, onde taparon o mar. Nos meses de verán eran moitos os turistas que chegaban. Había xente que alugaba as casas, outros meían os aforros da emigración en mercar un apartamento para o alugar no verán, outros puxeron bares, restaurantes. Aquelo cambiaba moi rápido. E que dicir de Vigo, que medraba moitísimo en edificios e fábricas.



Represión policial nas manifestacións



Entre facultades pechadas e folgas obreiras **MOCIÑO** rematou os seus estudos. En marzo do 72 dous obreiros morreron no Ferrol por disparos da policía. Un día de setembro do mesmo ano o seu pai regresou con negróns por todos os lados. Fora nunha carga da policía para disolver unha manifestación de traballadores de Citroën. Mentres **MOCIÑO** estudiaba, o seu pai afiliouse a un sindicato clandestino e participou decididamente na loita contra o franquismo. En novembro de 1975 Franco morría. Levaba case corenta anos gobernando España cun réxime dictatorial que os seus partidarios tentarían agora de perpetuar.



COLEXIO PÚBLICO DE ENSINO PRIMARIO DA CRUZ, CAMOS, NIGRÁN

Concellería de Educación  
CONCELLO DE NIGRÁN

Deseño e maquetación: Manuel Santos / Debuxos: Francisco Botula e Pepe Carreira

O

Réxime actual

CANDIDATURA DEMOCRÁTICA GALEGA LUGO 1977



SENADORES:  
RAMON PIÑEIRO  
JACINTO CALVO  
I. DIAZ PARDO

Ao final os partidarios do franquismo non foron quen de manter o réxime autoritario. O movemento opositor era moi forte e algúns colaboradores do franquismo déranse conta que cumpría cambiar moitas cousas. Iniciouse así o proceso que non sen problemas rematou coa aprobación da **Constitución** en 1978. As primeiras eleccións libres foron en 1979; nese mesmo ano elixíronse democraticamente os gobernos dos concellos. O **Estatuto de Autonomía** sería referendado en 1980 e ao ano seguinte formábase o **primeiro goberno galego**. Finalmente, en 1985 o Estado Español entraba no que daquela se chamaba Comunidade Económica Europea e hoxe **Unión Europea**. ¡Cantos anos había que o pai de Mociño fora alá para traballar na construción!

Moitas cousas cambiaron nestes anos. Hai moitas televisións e cadeas, coches e casas, teléfonos móbiles e ordenadores, internet, modas distintas, outras formas de falar..., pero a xente segue igual que antes, tendo que traballar para saír adiante, coa necesidade de ter amigos e amigas, de sentirse queridos e respectados, e tamén de respectar aos demais...



Moitas cousas cambiaron tamén no mundo; xa non hai Unión Soviética e o mundo non está dividido en bloques enfrontados, pero segue a haber guerras, cada vez máis, e os ricos son cada vez máis ricos e os pobres son cada vez máis pobres.

Tamén para o novo **MOCIÑO** cambiaron moitas cousas. Agora todas as mañás, coa súa mochila chea de libros que pesa máis ca el, vai, unhas veces contento e outras non tanto, ao cole de Camos...



Fuente: Atlas de Galicia e do Mundo. Edicións do Castro

**CRONOLOXÍA DA NOSA HISTORIA**

- 300.000 anos
- 4.000 anos
- 2.500 anos
- 1.000 anos
- Século I
- Século II
- Século III
- Século IV
- Século V
- Século VI
- Século VII
- Século VIII
- Século IX
- Século X
- Século XI
- Século XII
- Século XIII
- Século XIV
- Século XV
- Século XVI
- Século XVII
- Século XVIII
- Século XIX
- Século XX
  - 1939
  - 1960
  - 1975
- Século XXI

COLEXIO PÚBLICO DE ENSINO PRIMARIO DA CRUZ. CAMOS. NIGRÁN

Concellería de Educación  
CONCELLO DE NIGRÁN

Diseño e maquetación: Manuel Santos | Debuxos: Franxuca Bolaño e Pepe Carreira

